



Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

Sobre a lei ómnibus, o portelo único e os colexios profesionais

Debido á adaptación á directiva europea sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, Directiva Bolkestein 2006-123-CEE, xurdiron as normas coñecidas como **Lei Paraugas** (BOE 24/11/2009) e **Lei Ómnibus** (BOE 23/12/2009).

En Galicia, foi publicada no DOG nº 36, de 23 de febreiro de 2010, a *Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.*

É verdade, segundo *informe sobre "Implicacións da Transposición da Directiva de Servizos sobre Colexios Profesionais"* de 3/7/2009, elaborado pola Secretaría Xeral de Política Económica e Economía Internacional, que de todos os sectores afectados, un dos máis importantes para a economía española é o dos Colexios Profesionais. Constitúe un colectivo de arredor de **1 millón de profesionais colexiados/os** (87 profesións con Colexio Profesional e arredor de 122 profesións reguladas), cunha contribución dun 6,1% ao emprego total e un 30% do emprego universitario, cun notable peso no PIB, un 8,8%, e con importantes interrelacións con outras ramas produtivas. Os Colexios conformamos, xa que logo, un subsector moi relevante dentro do sector servizos (o 84% das persoas ocupadas en profesións colexiadas sitúanse no sector servizos). Consecuentemente, a nosa regulación e funcionamento víronse afectados pola Directiva de Servizos.

A **Lei Ómnibus** modificou case medio centenar de leis por consideralas incompatibles co espírito da Directiva europea, entre elas a **Lei de Colexios Profesionais** e a **Lei de Sociedades Profesionais**, co obxectivo de liberalizar a circulación de servizos dentro da Unión Europea, polo que non só debe preocupar aos profesionais afectados, senón que interesa a todos os usuarios, reais ou potenciais, dos servizos profesionais. É dicir, afecta a todos.

Con esta Lei, o Goberno propúxose levar a cabo unha **modernización** dos Colexios que ampliase os seus fins esenciais, que os abrise á competencia integrando máis ás/aos profesionais na sociedade, que facilitase a colexiación, que fíxese a súa xestión máis transparente e que servisen tamén para atender e protexer aos consumidores e usuarios. Así, o obxectivo último radica en lograr que haxa mellores servizos e máis baratos para os consumidores e que, ao mesmo tempo, aumente a actividade económica e cree máis emprego (estes son, en definitiva, os beneficios da competencia).

O pasado 27 de xuño de 2010 entraron en vigor os artigos da lei Ómnibus que fan referencia ao portelo único (artigo 5.10) e afectan xa ás profesións colexiadas e aos Colexios Profesionais.

Pero... que é o portelo único?

O portelo único é un portal web (http://ec.europa.eu/internal_market/eu-go/index_é.htm) que ten cada estado membro para que calquera persoa que queira **exercer unha profesión** nun destes países poida ter acceso aos trámites necesarios para darse de alta e exercer o servizo profesional, así como realizar telematicamente os trámites preceptivos. Máis información en www.eugo.es

En definitiva, búscase dar a información necesaria e facilitar os trámites necesarios para exercer unha profesión en toda Europa e propiciase a **cooperación administrativa** entre Estados membros.

O portelo único téñeno que desenvolver tanto o Consello

como os colexios autonómicos. Neste sentido a Xunta do **Cgcees** (Consejo General de Colegios Profesionales de Educadoras y Educadores Sociales), de xaneiro de 2010, propuxo e aprobouse que no canto de que cada colexio crease o seu portelo único na súa web, o Consello articularía unha fórmula xeral para todos os colexios que, por unha banda, facilitase a xestión aos colexios, e por outra, resultase máis económico para cada un dos colexios.

O Ceesg, en permanente contacto co Cgcees, fixo os deberes para a implantación do "portelo único" na nosa páxina web. Para iso, o pasado 18 de xuño, dúas representantes do Ceesg -Chus Gutiérrez (coordinadora da área de acción profesional e tesoureira da entidade) e Mari Carmen Rey (secretaria técnica do Ceesg)- desprazámonos á sede do Cgcees, sita en Barcelona, para participar na xornada de formación da nova ferramenta en liña "Portelo Único", creada desde o Cgcees para uso común de todos os colexios de Educadoras e Educadores Sociais do Estado e que terá como obxectivo principal o de facilitar a todas as colexiadas e colexiados, así como ao resto de persoas potenciais usuarias dos servizos dos Colexios Profesionais de Educadoras e Educadores Sociais, todos os posibles trámites e consultas a realizar, podendo estes xestionarse de forma telemática e a distancia.

A través do portelo único, tamén se vai a mellorar a **protección ao consumidor**, ao ofrecer información sobre o rexistro de persoas colexiadas, debidamente actualizado, no que calquera poderá comprobar se un/ha profesional está colexiado/a, a súa titulación, domicilio profesional e tipo de habilitación, entre outra información útil.

A nivel práctico, disporedes na nosa páxina web, a través do portelo, de 4 bloques diferenciados en liña:

1. Tramitación de colexiación.
2. Tramitación de queixas, suxestións e consultas por parte de colexiadas/os, usuarias/os e consumidoras/es.
3. Consulta de profesionais colexiadas/os, por territorios.
4. Consulta de sociedades profesionais rexistradas nos colexios, así como novas solicitudes de rexistro.

Froito da modificación da Lei de colexios profesionais, faise necesaria tamén a **modificación dos Estatutos do Ceesg**, para a cal deberemos ter en conta:

- Por unha banda, as modificacións que se publiquen no Decreto-Lei que aprobe os estatutos xerais do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais, e
- Doutra banda, as modificacións que a Lei de colexios autonómica establece.

Así, **as actuacións que deben realizarse a partir deste momento** son:

- Coñecer en cada unha das autonomías o proceso de aprobación da nova Lei de colexios autonómicos.
- Estar ao día dos pasos que se van dando ata a publicación do Decreto-Lei que aprobe os estatutos xerais e do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais.

Para ambas actuacións estamos en permanente contacto coa Consellería de Presidencia da Xunta Galicia e co Cgcees e manterémolos informados dos avances ao respecto.

Mari Carmen Rey Couselo
Secretaría Técnica do Ceesg

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none">▫ Participación o día 30 de xuño no coloquio "Construíndo comunidade contra as violencias machistas", organizado pola Marcha Mundial das Mulleres na Coruña.▫ Participación na mesa redonda "Visión interprofesional dos contextos de acción nos Servizos Sociais", que tivo lugar no marco do curso de verán <i>Os espazos de vida cotiá, contexto e contido da Educación Social nos servizos sociais</i>, organizado pola Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela e o SEPA (Grupo de Investigación Pedagogía Social Educación Ambiental) | <ul style="list-style-type: none">▫ Reunión de Xunta de Goberno o día 15 de xullo.▫ Achegas ao borrador do <i>Plan Estratéxico de Xuventude 2010-2013</i> realizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.▫ Encontro cunha colexiada, alumna do curso ponte para a obtención do Título de Grao en Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela, para coñecer de primeira man as dificultades e aspectos a mellorar de dito curso.▫ Estase a traballar na elaboración dun dossier xustificativo da pertinencia de traballar a Educación Vial desde a Educación Social. Buscamos experiencias para poder recollelas na xustificación. |
|--|---|

ARTIGO DE INTERESE: **A era dixital (2ª parte)**_ o boletín

Desde a Área de Comunicación e Participación Colexial do Ceesg estamos a facer un grande esforzo de remodelaxe para promover unha comunicación multidireccional, accesible, transparente e de calidade. Exemplo disto é a nova web, o mellor uso da imaxe corporativa, o novo *Galeduso* que sairá publicado a finais de ano e un local propio onde está presente esta frescura e proximidade de colexio.

Tal e como tiñamos anunciado, e coincidindo coa presentación da web, en setembro deste ano 2010, avanzamos cara a dixitalización do boletín que todas e todos coñecemos que deixará de ser editado en papel.

Este paso é un primeiro chanzo neste camiño de mellores, para centrarnos logo na estrutura, a imaxe e os contidos.

Por qué apostamos pola súa dixitalización?

- porque é unha medida ecoloxicamente responsable, e sentímonos comprometidas/os coa nosa contorna

como un dos principios ideolóxicos que defende o Ceesg;

- para favorecer unha información máis ampla, podendo estendernos en temas de interese e de actualidade, tendo en conta tamén as suxestións de colaboradoras/es;
- por abaratar custos, xa que tamén é un principio de sustentabilidade.

Esperamos, con estas medidas aprobadas en Asemblea Xeral, seguir afondando nunha mellor e maior participación colexial. O noso interese é conseguir que o Ceesg sexa un organismo de desenvolvemento profesional, un lugar de encontro, discusión, e entendemento.

Se queres recibir o teu Boletín en soporte papel non tes máis que solicitalo ao Ceesg por escrito.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Avisos:



- A Escola de Primavera, que tivo que ser cancelada, celebrarase finalmente co mesmo programa e relatores, denominándose "Escola de Outono", e terá lugar previsiblemente no mes de novembro. Proximamente estará toda a información na web.
- No último trimestre do ano comezará a edición dixital do Boletín do Ceesg, que será distribuída por correo electrónico. Se queres asegurarte de se temos o teu enderezo electrónico actualizado podes chamar ao Ceesg (de 8:00 a 15:00). Se prefires seguir recibíndoo en formato papel, debes comunicárnolo por escrito.
- O próximo número da revista *Galeduso* será un monográfico sobre Igaldade. Se coñeces algunha experiencia neste eido que sexa interesante publicar, ponte en contacto co colexio.

FORMACIÓN CONTINUA

FORMACIÓN EN SUPERVISIÓN. Supervisión no ámbito psico-social

Organiza: Indiálogo, Instituto de Formación e Desenvolvemento Profesional e Persoal. www.indialogo.es

Lugar e datas: Santiago de Compostela. De xaneiro de 2011 a novembro de 2013.

Docentes: Carmina Puich Cruells e Susane Rieger.

Inscripción e información: Contactar con Pepa Vázquez Tlf. 680130933. supervisionsocial.blogspot.com / supervisionsocial@gmail.com. Preinscripción ata o 15 de novembro de 2010.

Contido: A supervisión é a análise da práctica dos seus profesionais. É un meta-traballo que se sitúa entre a formación e o apoio profesional, conducida por un consultor externo á organización. Trátase dun proceso e unha relación que revisa o quefacer profesional e os sentimentos que o acompañan, e contrasta os marcos teóricos coa praxe cotiá dos profesionais. Serve para reflexionar e ser capaces de ver as cousas desde outra perspectiva. É, en moitos ámbitos profesionais, unha actitude importante para unha boa actuación.

DE DIPLOMATURA A TÍTULO DE GRADO. Implicacións da reforma universitaria

Organiza: Ceesg.

Lugar: Aula de usos múltiples do Ceeg (Santiago).

Data: 17 de setembro ás 16:30 h.

Relator: Bernat Quetglas, educador social, Vogal do Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de les Illes Balears.

Inscripcións: Contactar co Ceeg. Necesario confirmar asistencia.

Contido: Neste momento está tendo lugar a reforma universitaria. O cambio de Diplomatura a Título de Grado crea nas persoas xa diplomadas certas preocupacións e dúbidas acerca da validez da súa titulación, de cómo acadar o título novo, ou da posibilidade de acceder á formación máster.

Con esta charla gratuita, destinada a educadoras/es sociais, estudantes, ou calquera persoa interesada, intentaremos clarificar as cuestións máis relevantes deste cambio ás que neste momento podemos dar resposta, e informaremos sobre a situación actual en diferentes universidades españolas.

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Mos (Pontevedra): Anuncio da publicación das bases de varios postos. Un posto de Técnica/o local de emprego. DOG 01/07/10

Concello de A Coruña: Bases de dous postos de Técnica/o media/o de promoción do emprego, un posto de Técnica/o media/o de educación e dous postos de Técnica/o de apoio social. BOP 02/07/10. Extracto de convocatoria do posto de Técnica/o media/o de promoción do emprego publicado no BOE de 27/07/10.

Concello de Xermade (Lugo): Oferta de emprego público. Un posto de Educador/a familiar. Un posto de Técnica/o local de emprego. DOG 07/07/10

Concello de Vilalba (Lugo): Oferta de emprego público. Un posto de Educador/a familiar. Un posto de Técnica/o local de emprego. DOG 09/07/10

Concello da Gudiña (Ourense): Oferta de emprego público. Un posto de Coordinador/a de emprego e desenvolvemento local. DOG 13/07/10

Concello de Rairiz de Veiga (Ourense): Oferta emprego público. Un posto de Axente de emprego e desenvolvemento local. Un posto de Encargada/o da OMIX e biblioteca. BOP de 13/07/10 e DOG 16/07/10

Concello de Narón (A Coruña): Bases de dun posto de Educador/a social; un posto de Técnica/o de xestión sociocomunitaria e un posto de coordinador/a de actividades culturais. BOP 16/07/10. Corrección no BOP de 23/07/10

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Resolución da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, pola que se convoca proceso selectivo para ingreso como persoal laboral fixo fóra de convenio, coa categoría de Técnico Experto en Cooperación. BOE 23/07/10

Concello de Fornelos de Montes (Pontevedra): Anuncio de contratación temporal a tempo parcial dun posto de diplomada/o en Educación Social. BOP 28/07/10

Concello de Redondela (Pontevedra): Anuncio das bases para cubrir varios postos. Un posto de Técnica/o de orientación laboral. DOG 28/07/10

Concello de Oia (Pontevedra): Oferta de emprego público. Un posto de Axente de emprego e desenvolvemento local. BOP 30/07/10

OUTROS

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se regulan as bases para concesión de subvencións para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar. DOG 05/07/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo. BOE 05/07/10

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. DOG 12/07/10

Universidade de Santiago de Compostela: Corrección de erros da resolución pola que se publica o plano de estudos de Graduado en Educación Social. BOE 13/07/10 e DOG 15/07/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se convocan subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para programas de prevención e control da infección por VIH e SIDA. BOE 15/07/10

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 921/2010, de 16 de xullo, polo que se modifica o Estatuto do Real Patronato sobre Discapacidade aprobado polo Real Decreto 946/2001, de 3 de agosto, para regular o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española. BOE 17/07/10

Presidencia da Xunta de Galicia: Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada. DOG 06/07/10 e BOE 19/07/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regulan as subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación retornada e inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega. DOG 22/07/10

Consellería de Traballo e Benestar: Resolución pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego. DOG 22/07/10

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se aproban as bases das subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega. DOG 23/07/10

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: Resolución do 22 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases das axudas e subvencións a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres. DOG 23/07/10

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se aproba a convocatoria de subvencións para accións de apoio e acompañamento á formación profesional para o emprego no ámbito estatal. BOE 24/07/10

Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se rexistra e publica a Acta dos acordos de adhesión do sector de reforma xuvenil e protección de menores ao IV Acordo nacional de formación. BOE 26/07/10

Universidade Nacional de Educación a Distancia: Resolución pola que se publica o plan de estudos de Graduado en Educación Social. BOE 27/07/10

Comunidade de Madrid: Lei 1/2010, de 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais da Comunidade de Madrid. BOE 30/07/10

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se modifica a Orde relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. DOG 30/07/10

Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se publica o Acordo do Consejo Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre modificación do baremo de valoración da situación de dependencia establecido no Real Decreto 504/2007, de 20 de abril. BOE 12/07/10. Corrección en BOE 29/07/10 e 31/07/10